



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Pon o paniño ben posto
no poñas sóbor dos ollos,
aunque vos son moreniña
inda non me ghustan todos.

Mucho mundo traigo andado,
mucho más traigo corrido,
muchos perros me han ladrado
y nincuno me ha mordido.

Pensastes de me enganar
con palabras amorosas
malas nasidas te maten
d'aquelas más rabiosas.

Na miña vida me pasa,
un home de cañas blancas
enganar unha rapasa.

...

Moso do sombreiro chulo,
non mires tanto pra min
qu'eu e cores non mudo.

Anque botes e rebotes
e deixes de rebotar-e,
inda teñ'un saco cheo,
outro por desamarrer-e.

Qué ben ch'está o sombreiro,
chámanche Pedro das Artes,
inda vas ser Pedr'Arteiro.

Moso do sombreiro chulo
non mires tanto pra min
qu'eu de cores non mudo.

Moso do calsón alleo,
do sombreiro emprestado,
díxom'o dono d'almilla
que lle volvése-lo saio.



Non quero sapato torto
que me fai mui mal andar-e,
non quer´un moso de fóra
que o teño no lughar-e.

Non quero sapato torto
que m´escorra na i-areia,
non quero moso de fóra
que o teño na i-aldeia.

Tíña-los dentes miúdos
com´ás areas do sal,
que relumbran en tu boca
com´a pedra de cristal.

O tocar da pandeireta
ensinoumo miña nai
cando me tirou a teta.

Ai la...

Dónde serán eses mosos
dónde será o lugar,
dónde serán eses mosos
que tenco comigho ó pare.

Ai la...

Nese lugar na ...
onde hai uns homes ...
bailan as mulleres solas.

Ai la...

/:Qué me din qué me dirán:/
que son filla dunha pobre
i outra casa non me dan-he.

Muiñeira punteada,
muiñeira racha, racha,
tócocha de mala ghana.

...

na túa cara non canta.

Xa me chamastes rapás
durme conmigh´unha nuite
e ía mañá mo dirás.

Unha vella, vella, vella
vella como meu chapeu,
tratáronll´ó casamento
lovantou as mans ó seu-e.

...



Ide bailar, mosos todos,
se vos rompen os sapatos
aquí hai uns socos novos.

Bailade miñas visiñas,
se vos rompen os sapatos
aquí hai unhas botinas.